

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DESTINATARIO

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Pola presente publícase o literal do Decreto 91/2018 de data 19.02.2018 no que se convoca a sesión do Pleno do Concello.

“EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE XOVES 22 DE FEBREIRO DE 2018

EXPEDIENTE Nº 2018/G010/000003

“Descrición decreto: EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 22.02.2018

EXPEDIENTE Nº 2018/G003/000106

DON JOSÉ SIMOES COUCEIRO ALCALDE EN FUNCIÓNS DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

*En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e art. 80 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de 28 de novembro de 1986 e arts. 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes conclusos redactada pola Secretaría municipal o día 19/02/2018, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do RD 2568/86, do 30 de novembro, e o artigo 2 a) do RD 1174/1987, do 18 de setembro, **RESOLVO:***

PRIMEIRO. - Convocar a todas as concelleiras e concelleiros membros do concello Pleno á Sesión Ordinaria que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello, o próximo **xoves 22/02/2018 ás 12:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no art. 90 R.O.F., entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

1.-LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DA SESIÓN ANTERIORES:

- **SESIÓN ORDINARIA DE 25.01.2018.**
- **SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 09.02.2018.**

2.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA COMPLEMENTARIA PARA REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS NA CUBERTA DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME. EXPTE Nº 2016/C003/000001.



3.- Expropiación dos terreos particulares necesarios para a execución do proxecto de Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. FASE I. Pontedeume. CLAVE: OH.315,1047.

4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASEMBLEAS ABERTAS PARA APOIAR A FOLGA INTERNACIONAL DE REIVINDICACIÓN FEMINISTA DO 8 DE MARZO

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN RELACIÓN AO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.

6.- DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN 2.2018 PMP E MOROSIDADE E ADXUNTOS (CUARTO TRIMESTRE 2017)

7.- DACIÓN DE CONTA E RATIFICACIÓN DO CONTIDO DO DECRETO 76/2018 "EXPEDIENTE DE APROBACIÓN PROXECTO PARA MELLORA DO PARQUE INFANTIL DE CENTROÑA (POS+ 2018 COMPLEMENTARIO)EXPEDIENTE Nº 2018/G003/000069"

8.- DACIÓN DE CONTA E RATIFICACIÓN DO CONTIDO DO DECRETO 71/2018 e 75/2018 "EXPEDIENTE DE APROBACIÓN PROXECTO PARA REFORMA INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA INFANTIL DE NOGUEIROSA (POS+ 2018) EXPEDIENTE Nº 2018/G003/000088"

9.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES.

10.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA.

11.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á Secretaria Xeral e á Interventora Municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde en funcións D.José Simoes Couceiro(delegación conferida por Decreto nº87 de 15.02) do que eu, D^a. Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe.(Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987)."

En Pontedeume, asinado dixitalmente na na data que figura na marxe polo funcionario/a tramitador así como pola Secretaria Xeral do concello de Pontedeume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987).